



**PRIMEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DA CORUÑA POLO QUE SE DESENVOLVE O CONVENIO MARCO ASINADO O 4 DE OUTUBRO DE 2021, PARA A DOTACIÓN DUN CENTRO DE SAÚDE NO ANTIGO MERCADO DE SANTA LUCÍA (A CORUÑA)**

A Coruña, 30 de decembro de 2025

**REUNIDOS**

Dunha parte, **D. Antonio Gómez Caamaño**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á dita consellería, actuado en nome e representación deste último, no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade co establecido no Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, **Dª Inés Rey García**, actuando en nome e representación do Concello da Coruña (NIF P1503000J), en virtude da súa condición de alcaldesa-presidenta da citada corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA) e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

As partes intervinientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para estes efectos,

**EXPOÑEN**

I. Que con data 26 de xuño de 2025, o Servizo Galego de Saúde e o Concello da Coruña asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento do convenio marco do 4 de outubro de 2021, co obxecto de dotar á zona do antigo mercado de Santa Lucía dun novo centro de saúde.

II. Que, conforme ao previsto no convenio, o Concello da Coruña licitou e adxudicou os contratos relativos á execución das obras, dirección facultativa, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde, resultando adxudicatarias as empresas Burgos &





Garrido Arquitectos, SLP (dirección facultativa), Antea Iberolatam, SLU (dirección de execución) e Norvalia Soluciones Multiservicios, SLU (coordinación de seguridade e saúde).

III. Que, unha vez adxudicados todos os contratos, resulta necesario concretar nesta addenda as cantidades e porcentaxes correspondentes a cada unha das actuacións, así como o reaxuste por anualidades, conforme ao artigo 26 do Decreto 11/2009.

IV. A presente addenda ten por obxecto modificar e concretar determinados aspectos do citado Convenio, co fin de adaptar o seu contido ao curso ordinario da tramitación e tras a adxudicación dos contratos previstos, requírese a súa actualización a fin de incorporar os importes definitivos, a distribución temporal vixente, e a correspondente prórroga, conforme se indica a continuación:

- Reflectir a modificación do contrato de servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto de execución de obra (resolto o 09/10/2025 polo concelleiro de Economía e Planificación Estratéxica do Concello da Coruña) aplicable á primeira fase prevista no prego de cláusulas administrativas (redacción do proxecto básico e de execución), co obxecto de elaborar unha separata que permita a división do proxecto en fases, motivo polo que incrementou o seu importe en 18.143,95 €, dos cales ao Servizo Galego de Saúde lle corresponden 9.819,51 €, en atención a súa participación do 54,12 %.
- Incorporar as cantidades e porcentaxes finais correspondentes á dirección facultativa e ao *Documento Final de Obra (Doc Final)*, segundo os contratos formalizados tras a adxudicación, así como os custos relativos á dirección de execución e á coordinación de seguridade e saúde, de acordo co disposto na cláusula 4.4 do Convenio, na que inicialmente non figuraban os importes concretos.
- Adaptar a distribución das anualidades para acompañar os pagamentos ao ritmo real de execución das obras, de conformidade co artigo 26 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia. Establécese así a distribución das cantidades por anualidades, en función do cronograma de execución das obras e dos servizos técnicos achegado polo Concello.
- Respecto á vixencia do Convenio, engadir a prórroga por un período adicional de dous anos, de conformidade co artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a fin de permitir a comprobación e verificación das garantías da obra e a realización dos abonos finais do Convenio.

O convenio previa que os pagamentos se realizasen conforme ás seguintes anualidades:





| Anualidades  | Importe               |
|--------------|-----------------------|
| 2025         | 730.262,09 €          |
| 2026         | 4.409.170,14 €        |
| 2027         | 720.032,82 €          |
| <b>TOTAL</b> | <b>5.859.465,06 €</b> |

A presente addenda, así como o reaxuste das anualidades, non supón incremento do importe económico total asignado á execución da reforma, xa que os axustes efectuados nas xustificacións dan lugar a unha baixa neta de 259.907,06 €.

De acordo co exposto anteriormente, as partes consideran conveniente formalizar a presente addenda, que rexe polas seguintes



**CLÁUSULAS:**

**PRIMEIRA. Modificación da CLÁUSULA CUARTA.**

Modifícase o apartado 4) da cláusula cuarta do convenio, no referente ao segundo aboamento, que pasa a redactarse do seguinte xeito:

- Os seguintes aboamentos no mes seguinte á recepción, por parte do Servizo Galego de Saúde, da xustificación de pagamento emitida polo Concello, correspondente a cada certificación de obra, así como ás facturas da modificación do proxecto (9.819,51 €), da dirección facultativa (102.510,5 €), da dirección de execución (64.819,29 €) e da coordinación de seguridade e saúde (12.395,70 €), ata un máximo de 189.545,00 €.

**Segundo aboamento – (MÁXIMO 189.545,00 €)**

| ANUALIDADE    | SERVIZO GALEGO DE SAÚDE |
|---------------|-------------------------|
| 2025          | 18.007,48 €             |
| 2026          | 127.360,04 €            |
| 2027          | 27.502,92 €             |
| 2030          | 16.674,56 €             |
| <b>TOTAIS</b> | <b>189.545,00 €</b>     |





**SEGUNDA. Modificación da CLÁUSULA QUINTA.**

A cláusula quinta queda redactada como segue :

De acordo co estipulado nos puntos anteriores, con relación ao custo de execución da obra, este convenio implica obrigas orzamentarias para as partes que presentan a seguinte desagregación por anualidades:

| ANUALIDADE    | SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (54,12%) | CONCELLO (45,88%)     | TOTAL                | % Anualidade |
|---------------|----------------------------------|-----------------------|----------------------|--------------|
| 2025          | 168.320,54 €                     | 142.693,02 €          | 311.013,56 €         | 3,22%        |
| 2026          | 4.799.871,24 €                   | 4.069.070,45 €        | 8.868.941,69 €       | 91,76 %      |
| 2027          | 262,705,39 €                     | 222.707,38 €          | 485.412,77 €         | 5,02 %       |
| <b>TOTAIS</b> | <b>5.230.897,17 €</b>            | <b>4.434.470,85 €</b> | <b>9.665.368,02€</b> |              |

**TERCEIRA. Modificación da CLÁUSULA SEXTA.**

A cláusula sexta queda redactado como segue :

O importe total dos compromisos económicos que asume o Servizo Galego de Saúde, derivados das cláusulas cuarta e quinta, ascende a un total de 5.599.557,99 €, dos que 365.443,84 € corresponden á anualidade 2025, que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 5001 412B 760.0, co código de proxecto 2022 00005, na que existe crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o devandito ano. A diferenza queda supeditada con relación a exercicios futuros, á existencia de crédito axeitado e suficiente.

Na anualidade 2026 excédese do límite establecido no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, polo que se solicitou a autorización do Consello da Xunta de Galicia, conforme ao artigo 62.4 do mesmo

De conformidade co artigo 26 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba a Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o reaxuste das anualidades para acompañar os pagamentos ao ritmo real de execución das obras queda como segue:



| ANUALIDADE                 | 2025                | 2026                  | 2027                | 2030               | TOTAL                 |
|----------------------------|---------------------|-----------------------|---------------------|--------------------|-----------------------|
| PROXECTO+ Modificación     | 188.935,33 €        |                       |                     |                    | 188.935,33 €          |
| DIRECCIÓN OBRA E DOC FINAL | 2.475,63 €          | 70.547,73 €           | 16.673,33 €         | 12.813,81 €        | 102.510,50 €          |
| DIREC. EXECUCIÓN OBRA      | 1.774,10 €          | 50.556,44 €           | 9.247,78 €          | 3.240,97 €         | 64.819,29 €           |
| COORD. SEGURIDADE E SAÚDE  | 3.938,24 €          | 6.255,87 €            | 1.581,81 €          | 619,78 €           | 12.395,70 €           |
| EXECUCIÓN REHABILITACIÓN   | 168.320,54 €        | 4.799.871,24 €        | 262.705,39 €        |                    | 5.230.897,17 €        |
| <b>TOTAIS</b>              | <b>365.443,84 €</b> | <b>4.927.231,28 €</b> | <b>290.208,31 €</b> | <b>16.674,56 €</b> | <b>5.599.557,99 €</b> |



#### CUARTA. Modificación da CLÁUSULA DÉCIMA: Prórroga

A cláusula décima do convenio establece unha vixencia inicial de catro anos, prorrogable por acordo mutuo das partes antes da súa finalización, ata un máximo de oito anos, conforme ao artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As partes acordan a prórroga da vixencia do convenio por un período adicional de dous anos, ao abeiro do artigo 49.h) da citada lei, co fin de permitir a comprobación e verificación das garantías da obra e a realización dos abonos finais.

Esta ampliación responde á necesidade de aliñar o prazo de vixencia coa duración do período de garantía da obra, de acordo co artigo 243 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que fixa o prazo total en tres anos (un ano máis dous adicionais ofertados polo adxudicatario).

A prórroga non implica incremento do importe económico total do convenio e respecta o límite máximo de vixencia legalmente establecido. Finalizado o período de prórroga procederáse á liquidación definitiva do Convenio.

Así queda redactado o presente Convenio que, en proba de conformidade asinan os comparecentes, por triplicado exemplar no lugar e data indicados ao inicio.

**POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

**Antonio Gómez Caamaño**



**POLO CONCELLO DA CORUÑA**

**Inés Rey García**